
PROGRAMACIÓN DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
GALEGA

IES A GUÍA
CURSO 2020/2021

INTRODUCCIÓN

O equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES A GUÍA constitúese seguindo o establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio no seu artigo nº 15, e o seu principal obxectivo é a creación dun programa de actividades que favorezan e potencien o uso da lingua galega no noso Instituto, tratando de posibilitar que este uso se estenda a outros compoñentes da nosa comunidade educativa e da contorna do centro.

O noso equipo busca dotar de continuidade o traballo levado a cabo outros anos e que as actividades que programamos se vaian consolidando como unha parte fundamental do proxecto educativo xeral do centro, para irmos desterrando prexuizos que aínda supoñen un atranco para a nosa lingua e ao mesmo tempo tentaremos crear unha imaxe moderna, apta para calquera uso que nos demande a sociedade actual tan mergullada nas novas tecnoloxías.

1. COMPOÑENTES DO EQUIPO

Como ordena o decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, nomeado anteriormente, o EDGL do IES A GUÍA está formado por profesorado, alumnado e persoal non docente, que actuarán baixo a supervisión da dirección do centro, elixidos conforme a lei: o profesorado, por proposta do claustro de profesores; o alumnado, por proposta das súas asociacións máis representativas e o persoal non docente, por proposta deste persoal; sendo a directora do centro a responsable do seu nomeamento.

Relación dos compoñentes do Equipo de Dinamización Lingüística do IES A GUÍA no presente curso 2020/21.

Representantes do profesorado:

- Carmen Otero Parada (Lingua e Literatura Galega) (Coordinadora)
- Beatriz Fernández Barciela (Lingua e Literatura Galega)
- Roi Durán (Comercio)
- Xoán Xosé Santos Costa (Bioloxía e Xeoloxía)

Representantes do alumnado:

- Pablo Castro (1º BAC)
- Gael García Arias(1ºBAC)
- Jose Longa Címadevila(1ºBAC)
- Miguel Lago Quintas (1ºBAC)

Representante do persoal non docente:

- Isaac García (conserxe do centro)

A este grupo incorpóranse outros alumnos e alumnas do centro que participarán activamente nas tarefas e actividades realizadas polo Equipo como:

- O alumnado do Ciclo de Comercio que porá en práctica os seus coñecementos de escapatismo colaborando coas actividades que desenvolvamos.
- Alumnado de TAFAD que participará no desenvolvemento dos XOGOS TRADICIONAIS.
- Alumnado de 4ºESO que traballará no proxecto de convocatoria de MAIL-ART, entre os distintos IES de Vigo en colaboración cos departamentos de Lingua Galega e Educación Plástica, no que o tema será a figura de Rosalía de Castro
- A elaboración do calendario anual. (Alumnado da ESO)
- Coordinación con outros centros da zona para levar a cabo actividades comúns.(Alumnado por determinar)

2. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO.

2.1 SITUACIÓN XEOGRÁFICA E CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

O IES A Guía está situado no barrio de Teis, en Vigo, e o edificio actual foi construído no ano 1994. Nos anos sesenta funcionara como Sección Delegada do IB Santa Irene e logo pasou a ser un centro autónomo. O escritor Gonzalo Torrente Ballester ocupou unha cátedra do ano 1973 ó 1975. O barrio converteuse nunha área suburbana, pero totalmente integrado na cidade por mor do desenvolvemento industrial ao longo do século XX. A configuración do espazo urbano xurdiu coa creación da rede de tranvías que circularon desde 1914 para unir os lugares de maior crecemento co centro da cidade.

A proximidade de Teis á ría manifestou a súa importancia como foco industrial onde naceron as primeiras fábricas conserveiras na zona da Guía. Esta actividade xerou a construción de maquinaria, buques de pesca e Vulcano no 1940. En maio de 1935 os veciños intentaron independizarse e dirixiron un escrito ó Concello de Lavadores que declarou nula a constitución como concello.

Este barrio recibiu moita poboación foránea e viu incrementado o seu número de habitantes nun curto período de tempo. Xerouse un desenvolvemento urbanístico acelerado e desordenado para dar cabida a toda esa poboación. As familias son de nivel sociocultural medio-baixo e a lingua empregada acotío, tanto no ambiente social como familiar, é o castelán; por isto, cómpre axiña un labor de dinamización da Lingua Galega. Segundo os datos tirados da matrícula, constatamos que a maioría do alumnado cursa ciclos formativos mentres que os que cursan a Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato forman grupos máis reducidos.

Os colexios adscritos ao centro non se sitúan no ámbito máis próximo, agás o Colexio Santa Tegra, senón noutros puntos máis afastados da cidade como son o Paraixal (Teis) e o Colexio Eduardo Pondal (Calvario). Os alumnos/as de Bacharelato proceden de lugares diversos. Aínda que o noso centro é o máis antigo, nos últimos anos foi perdendo alumnado.

- CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

A lingua habitual que se emprega nos fogares.

Os resultados que obtivemos na pregunta referida a cal era a lingua habitual empregada na casa favorece o castelán.

Lingua empregada habitualmente nas interaccións comunitarias.

Este apartado está valorado dende a observación directa, a través das relacións da comunidade educativa coa poboación do lugar, entrevistas cos pais, actividades organizadas onde se pode comprobar que o castelán é a lingua maioritaria.

Lingua empregada polas entidades asociativas da contorna.

Actualmente as múltiples asociacións (veciñais, culturais, deportivas, xuvenís etc.) empregan as dúas linguas.

Lingua empregada polas empresas, anuncios e paneis

A lingua predominante neste caso é o castelán. Os resultados desta análise, xa realizada nos cursos pasados e pendente dunha actualización, pódenos permitir situar o contexto sociolingüístico do centro nun predomínio do castelán.

A información visible, desde os anuncios da cafetaría ata toda a documentación xerada na conserxaría, coidamos que estea na nosa lingua, así como tamén as actividades complementarias e extra escolares que o centro oferta ao alumnado. En todo momento tratamos que os rapaces viaxen a través do tempo e do espazo de forma física ou virtual para que descubran a comunidade na que vivan e poidan valorala axeitadamente.

Fai falla aprendermos a nosa lingua e garantirlle ao alumnado ámbitos, actividades e espazos de uso en que poidan utilizala activamente. Deste xeito contribuiremos a informar e sensibilizar sobre a necesidade de coñecemento e a desfacer posibles prexuizos e actitudes negativas.

Poida que non vexamos en tempo real o froito dos nosos esforzos como responsables desta tarefa, porén sabemos que algún pouso quedará nalgúns dos nosos alumnos e alumnas e iso abonda para que sigamos adiante cos nosos obxectivos a prol da lingua galega.

En resumo, os obxectivos do EDLG serán asesorar lingüisticamente e invitar a participar nas actividades ao profesorado, informar e concienciar o alumnado das vantaxes do plurilingüismo; e polo tanto, de que converterse en galegofalantes non os prexudica, favorecer o uso do idioma na contorna interna do centro contribuindo a un clima lingüisticamente amable e; por último, relacionarse coa contorna externa do centro, implicando a outros colectivos e institucións do barrio.

2.2 A SITUACIÓN DO PROFESORADO

As conclusións que se extraen dos últimos datos recollidos entre o profesorado, no referente ao seu uso da lingua galega, son as seguintes: con respecto á lingua habitual nos ámbitos que non son da docencia hai un predomínio da lingua castelá. Porén, a resposta á cuestión relacionada coa lingua usada no centro, a porcentaxe sobe considerablemente en favor da lingua galega (aproximadamente un 50 %) A pregunta relacionada coa capacitación para empregar o galego na actividade docente só un 20% recoñece ser baixa ou moi baixa. Polo tanto, o profesorado que se sente competente á hora de realizar a súa práctica educativa en lingua galega sitúase en máis dun 80%. No tocante á disposición do profesorado para realizar cursos de formación co obxectivo de mellorar a súa competencia en lingua galega, os resultados xiran arredor dun 60 %. Imos establecer unha valoración conxunta das catro cuestións vinculadas ás actitudes cara á normalización social do galego: un 70 % está a favor dunha maior presenza do galego na sociedade actual e un 75 % defende a necesidade do fomento social da nosa lingua; un 95 % considera enriquecedor a adquisición de dúas ou máis linguas.

2.3 A SITUACIÓN DO ALUMNADO

A maioría do alumnado ten como lingua materna o castelán. Unha minoría habita nos barrios e o resto concéntrase na zona urbana. Nestes últimos anos estamos recibindo alumnado procedente doutros países como como Venezuela, Brasil, Arxentina e Romanía.

2.4 SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

A lingua galega ten unha presenza plena na documentación administrativa, tanto externa como interna, en todos os procesos de información nos diferentes sectores da comunidade e en todo o material que leve o nome do centro. O galego é a lingua de comunicación oficial do centro co alumnado, as familias ou outras institucións. Hai, polo tanto, un interese consciente por intervir no proceso normalizador da lingua galega.

Hai un emprego habitual do galego nas interaccións co alumnado en contextos informais, fóra das actividades docentes, sen esquecer que unha porcentaxe do profesorado usa o castelán como lingua vehicular nestas situacións.

A biblioteca é un espazo comprometido co fomento e promoción da lingua, así como no aumento da dotación de fondos en galego (libros, revistas, CD, DVD, música, películas e series)

3. OBXECTIVOS DO EDLG

3.1 OBXECTIVOS XERAIS

1. Valorar a importancia do uso da lingua propia como expresión da nosa cultura e da nosa visión do mundo; así como da responsabilidade, individual e colectiva, de todos os membros da comunidade educativa no proceso de normalización e dinamización lingüística.
2. Garantir a posibilidade de vivir plenamente en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.
3. Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, outorgándolle o protagonismo que merece e priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.
4. Trasladar á sociedade a oferta positiva de atención e relación directa cidadán ou cliente mediante o uso da lingua galega, como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.
5. Promover unha visión real, moderna e útil da lingua galega que derrube prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
6. Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

3.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

Os obxectivos e as actividades propostas para este curso académico buscan unha continuidade cos proxectos presentados polo Equipo de Dinamización Lingüística no curso anterior, favorecendo a incorporación de iniciativas novas e dinamizadoras que potencien o uso habitual da lingua galega no centro de ensino e na nosa zona, traballando os aspectos que nos permiten mantermos coma un pobo con identidade e cultura propia.

Seguimos a considerar fundamental a presenza dos demais departamentos educativos do centro neste labor dinamizador, facendo un esforzo de programación conxunta e interdisciplinar, así como establecer unhas vías de comunicación continua cos outros centros educativos da zona e outras entidades con carácter cultural e social da nosa contorna.

RELACIÓN DE OBXECTIVOS EXPECÍFICOS

1. Utilizar o galego como lingua vehicular en todos os actos que organiza o centro e xeneralizalo en todo tipo de carteis, letreiros e avisos así como na páxina web do mesmo.
2. Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e coa contorna social.
3. Facer en galego toda a documentación administrativa.
4. Usar o galego na megafonía e na radio.
5. Recompilar material informático que axude ao profesorado a traballar en galego: tradutores, correctores...
6. Empregar a lingua galega por parte de todo o profesorado nas conversas que se manteñan coas familias, co alumnado e co persoal non docente.

7. Incrementar o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación (TICS): programas informáticos en galego, recursos na rede, blogs colectivos, videoconferencias...
8. Informar e promover o proceso de galeguización de nomes e apelidos entre o alumnado.
9. Promover o respecto de cara a recuperación da toponimia e microtoponimia galega e en especial na nosa zona. Manter a dotación de libros e revistas en galego na biblioteca do centro, fomentando o seu uso e a súa lectura.
10. Ampliar os fondos da fonoteca e da videoteca con material en lingua galega para potenciar no alumnado e nas familias o gusto e interese polas nosas producións.
11. Realizar carteis, adhesivos, slogans, etc., promovendo o uso do galego en todos os ámbitos.
12. Analizar e estudar a variante diatópica da zona a través de gravacións.
13. Promover o contacto interxeracional para favorecer o intercambio de experiencias cos maiores da zona así como a análise e o estudo da lingua.
14. Promover encontros e intercambios co alumnado doutras zonas, sobre todo daqueles centros que destaquen polo seu avance dinamizador.
15. Conseguir que o profesorado se acostume a utilizar o corrector ortográfico.
16. Elaborar en galego os materiais pedagóxicos que se empregan na aula e nas actividades complementarias.
17. Ter ben dotado o centro de materiais audiovisuais, de xeito que o alumnado coñeza a riqueza das producións feitas en galego.
18. Impulsar a elaboración de vídeos e curtametraxes en galego.
19. Impulsar a formación de grupos de teatro, musicais, clubs de lectura etc, que desenvolvan a súa actividade en galego.
20. Realizar actividades conxuntas con centros que estean próximos.
21. Realizar charlas de todo tipo (con escritores, sociolingüistas, personaxes públicos etc) para promover a utilización social da lingua.
22. Manter un contacto fluído con outras institucións locais para acadar obxectivos comúns referidos ao uso da lingua (Concello, ANPA, asociacións culturais).

4.- RELACIÓN DE ACTIVIDADES

Neste curso 2020-2021 debemos de ter en conta as circunstancias especiais derivadas dos tres meses de confinamento debido á pandemia por COVID-19 que nos obrigaron a renunciar a unha parte importante de actividades programadas, por este motivo mantemos na programación aquelas que non se puideron levar a cabo, adaptamos outras ao novo curso e engadimos algunha nova.

4.1 ACTIVIDADES QUE BUSCAN FOMENTAR O USO DA LINGUA GALEGA NO MANEXO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS.

- PROXECTO PARA O DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO
- ROSALÍA e o MAIL ART



Que é a arte postal?

Mail Art ou arte postal é a denominación que se utiliza para designar unha orixinal actividade artística que utiliza como medio de expresión a distribución postal.

Estes envíos postais poden ser mensaxes, colaxes, obxectos, consignas ou poemas que se dirixen a un amplo público, moitas veces descoñecido polo autor, que pretende con iso saírse das vías tradicionais de distribución da arte. Ese carácter crítico, que pretende minar o monopolio das galerías e do mercado da arte como vías de difusión do mesmo establecido pola sociedade de consumo, esténdese a conceptos máis amplos, como pode ser a manipulación da información que sofre a sociedade desenvolvida. En 1962 Ray Jonson funda a New York Correspondance School of Art, que dará un impulso ao movemento, do que participaron principalmente artistas conceptuais, como On Kawara, e membros de Fluxus, como Robert Watts e Ben Vautier. A rede de intercambios chegou a ter un volume considerable, especialmente na década do sesenta, xa que foi utilizada como medio de expresión das artistas feministas. A partir de 1970 sucédense as súas exposicións. Un ano despois prodúcese a confirmación desta corrente na Bienal de París.

En que consiste o proxecto?


O proxecto preséntase en colaboración co departamento de Educación Plástica, xa que o alumnado realizará unha postal individual na que pode empregar distintas técnicas artísticas para destacar a partir da escrita e a pintura a figura de Rosalía de Castro.

Se a Arte Postal é un movemento planetario de intercambio e comunicación a través do medio postal, a canle é parte integrante desta tendencia artística pois forma parte da arte postal, que é moito máis que un simple intercambio de arte a través do correo, pois é sobre todo comunicación.

Ambos aspectos, arte e comunicación, fúndense no envío postal, primando en cada ocasión e dependendo de cada peza realizada.

O alumnado realizará postais, e logo estas envíanse a través do correo ordinario a outro instituto de Vigo. Se conseguimos que varios institutos colaboren neste proxecto, a través dos departamentos de Lingua galega e Educación Plástica xeraremos unha importante canle de difusión sobre a figura da autora, pois o alumnado pode engadir nas postais, tanto fotos, pintura coa figura da escritora e mesmo fragmentos da súa obra. Cada centro deberá gardar as obras enviadas desde os outros centros para a súa exposición.

Exemplos de arte postal



- **CARVALLO CALERO E AS LETRAS GALEGAS**

As actividades desenvolvidas o curso pasado sobre o autor, e que non se puideron visualizar, estarán na páxina da Biblioteca do noso centro.

CALENDARIO 2020

O EDLG elaborará, coa participación do alumnado, un calendario do ano que leva como imaxe fotos antigas do seu barrio

- **XADREZ EN GALEGO**
- Durante este curso e polas circunstancias comentadas anteriormente esta actividade non se poderá desenvolver.

4.2 ACTIVIDADES QUE BUSCAN FAVORECER A EXPRESIÓN ORAL DO ALUMNADO

A transmisión oral é un obxectivo prioritario para o EDLG DO IES A GUÍA, pois a lingua permanece viva en tanto se fala e serve como vehículo de comunicación. Tratamos de fuxir da concepción da nosa lingua como “lingua de museo”, e tentamos normalizar o seu uso na vida cotiá, tendo en conta a súa estreita relación coa tecnoloxía nas canles de comunicación tanto do alumnado como do profesorado.

- **LECTURA DRAMATIZADA**
Os alumnos/as de 1ºESO levarán a cabo unha lectura dramatizada de contos tradicionais.

- **CREACIÓN VIDEOGRÁFICA**

O alumnado de TIC traballará a creación videográfica mediante o uso da técnica Stop-Motion na que empregarán como lingua vehicular o galego.

Obxectivos da actividade:

Fomentar no alumnado o gusto pola produción literaria en lingua galega.

1. Recoñecer as principais características sociolingüísticas do país.
2. Traballar para eliminar os prexuízos lingüísticos.
3. Fomentar o uso das TICS
4. Traballar as destrezas comunicativas básicas (expresión oral e comprensión escrita) e o rexistro culto do idioma.
5. Promover a idea entre o alumnado de que a lingua galega é apta para calquera manifestación artística.

Destinatarios: alumnado 1º-4º ESO.

Temporalización: 2º trimestre.

Departamentos implicados: coordinaremos esta actividade co Departamento de Tecnoloxía e Educación Plástica, aproveitando a importancia que ten a creación videográfica no currículo de 4º da ESO.

- **XORNADAS DE MÚSICA E ARTE DO PANORAMA ACTUAL GALEGO**

En colaboración con outros departamentos, seguiremos a promover e difundir a produción artística galega.

Dependendo do presuposto do equipo, estableceremos contacto con músicos, artistas e escritores galegos que ofrezan a súa experiencia e o seu traballo para darse a coñecer diante do noso alumnado. Trataremos de posibilitar que o alumnado acceda a formas de expresión que non están habitualmente nos medios, e que poida ter unha participación activa nestas experiencias artísticas.

Este curso, ademais de agardar outras ofertas que poidan xurdir, tamén pretendemos contar coa presenza do grupo vigués: **Cinta Adhesiva**. O obxectivo é que o alumnado poida asistir a unha representación na que a poeta Silvia Penas e o músico Jesús Andrés Tejada conxugan as disciplinas poéticas, musicais e artísticas.

Esta actividade está pendente de realizarse e estamos a agardar a evolución da pandemia.

Obxectivos:

1. Fomentar a o gusto polas creacións artísticas e musicais.
2. Promover a participación activa do alumnado na actividade que lle servirá como referencia para as súas producións futuras.

3. Traballar as destrezas comunicativas básicas (expresión oral e comprensión escrita) e o rexistro culto do idioma.

Destinatarios: alumnado da ESO e de Bacharelato.

Temporización: Dependendo da dispoñibilidade dos músicos e artistas, temos pensado nestas actuacións para final do terceiro trimestre.

Colaboración: Departamento de Lingua galega e Literatura, Biblioteca e Departamento. de Música.

4.3 ACTIVIDADES QUE BUSCAN FOMENTAR A LECTURA E A EXPRESIÓN ESCRITA EN GALEGO.

11

- **INTERCAMBIO EPISTOLAR CON ALUMNADO DOUTRO CENTRO DE ENSINO**
Ao remate, farase unha xornada de convivencia entre eles para se coñecer.
- **CLASIFICACIÓN DAS ÁRBORES DO PATIO DO INSTITUTO**
- O alumnado buscará información de cada unha das árbores e logo elaborará unha pequena lenda para engadirle.
- **ANIMACIÓN Á LECTURA**
Promoveremos a organización de campañas de animación a lectura destinadas ao alumnado que durante o curso len libros en galego, en colaboración co profesorado responsable da organización e funcionamento da biblioteca.
- **ENCANTRO LITERARIO CON ALGÚN ESCRITOR/A QUE NOS OFREZA A EDITORIAL GALAXIA**
- **TABOLEIRO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

Na creación "**GÚSTASME**" os distintos integrantes farán recomendacións de discos, libros e películas.

O alumnado e profesorado irán deixando opinións sobre os libros que len. Tamén terán cabida comentarios sobre cómics, longametraxes ou música en galego, coa finalidade de animar ao consumo de cultura galega a outros membros da comunidade educativa. Neste taboleiro tamén daremos conta de novidades relacionadas coa lingua, certames, concursos, viaxes e actividades no IES

- **CONVOCATORIA DE CONCURSOS LITERARIOS INTERNOS**
- **14 DE FEBREIRO . OUTRA HISTORIA DE AMOR POR CONTAR**
- **Descrición: E SE NON FORON TAN FELICES?**

Dirixido ao alumnado da ESO e desenvolverase na data de San Valentín. A partir de contos tradicionais de príncipes e princesas, buscarán un remate diferente ó clásico.. O concurso trata de continuar e servir de aliciente para o uso da lingua galega e para canalizar parte da creatividade amosada polo alumnado.

Obxectivos:

1. *Promover a participación de todo o alumnado.*

2. *Pór en práctica o traballo realizado durante o curso canto a expresión escrita en rexistro culto.*
3. *Fomentar o gusto pola lectura e a creación literaria en lingua galega.*

Temporización: Mes de febreiro

4.4 ACTIVIDADES QUE BUSCAN PROMOVER ENCONTROS E CELEBRACIÓNS QUE TRASCENDAN AO ÁMBITO ESCOLAR CO FIN DE CONTRIBUÍR Á SENSIBILIZACIÓN SOCIAL NA RECUPERACIÓN DA DIGNIDADE DA LINGUA E DA CULTURA EN XERAL.

12

CONCURSO OLLA A PALABRA DO DÍA!

A Real Academia Galega e a Fundación Barrié convocan, a través do Portal das Palabras e en colaboración co colectivo docente Galiza Visual, o Concurso Olla a Palavra do Día! A iniciativa pretende promover a divulgación do léxico galego, e potenciar a creatividade, a capacidade de síntese e a aprendizaxe de conceptos mediante o pensamento visual. O pensamento visual consiste na expresión de conceptos mediante imaxes, unha achega á realidade que consiste en analizar, organizar e representar ideas botando man de ferramentas visuais. Baséase na representación da realidade mediante debuxos sinxelos que poden ir acompañados de textos simples.

O alumnado do centro elaborará traballos que representen ideas a través de ilustracións, mapas conceptuais ou apuntamentos visuais e que se sirvan de distintas ferramentas e técnicas manuais, dende o debuxo con lapis, ceras ou rotuladores ata a acuarela.

CONFERENCIA IMPARTIDA POR UN ALUMNO DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS SOBRE OS PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS

AMBIENTACIÓN E TRABALLO NO SAMAÍN

CONCURSO DE SOBREMESAS CON RECETARIO EN GALEGO

No **ENTROIDO**, un ano máis, o alumnado de 1ºESO logo de traballar contidos desta festa como o texto instrutivo, elaborará sobremesas na súa casa e fará unha gravación para amosárllela aos seus compañeiros.

PARTICIPACIÓN NO CERTAME DE REGUEIFAS

Acollémonos á oferta do curso de regueifas do servizo de Dinamización Lingüística do noso concello e logo participaremos no certame. Aproveitando esta información, tamén elaboraremos **COPLAS DO ENTROIDO**.

Todo o alumnado participará na creación destas coplas, onde traballaremos a rima e a retransa na Lingua Galega.

COÑECE O TEU BARRIO E AS TÚAS RÚAS

Saída co alumnado de 1ºESO polo barrio para traballar a toponimia do mesmo.

PARTICIPACIÓN DO EDLG NO CORRELINGUA 2021 (SE PODE CELEBRARSE)

Descrición: **CORRELINGUA**

A actividade, xa institucionalizada desde o ano 2006, está pensada para o alumnado do 1ºciclo da ESO que se desprazará ao centro da cidade para realizar a continuación o percorrido a pé.

Obxectivos:

1. Desenvolver a socialización do alumnado
2. Establecer relacións con outras comunidades educativas
3. Potenciar o uso de elementos tecnolóxicos para a elaboración de traballos de vídeo.
4. Elaborar e preparar pezas musicais en galego.

Temporización: As reunión de traballos para a organización do CORRELINGUA iranse levando a cabo ao longo do curso.

EXPOSICIÓNS FOTOGRÁFICAS DAS ACTIVIDADES DO CENTRO

Substituiremos as exposicións en papel e murais polo método dixital, a través da pantalla que temos á entrada do centro.

Obxectivos:

1. Dar a coñecer a toda a comunidade educativa as actividades realizadas cunha breve explicación da mesma en lingua galega.
2. Buscar o contacto interdepartamental e a colaboración con outros membros da comunidade educativa.
3. Servir de base para actividades futuras.
4. Implicar o alumnado na decoración do IES.

Temporización: 3º trimestre.

Colaboración: todos os departamentos.

Obxectivos:

4.5 ACTIVIDADES QUE BUSCAN A MOTIVACIÓN E A COLABORACIÓN CO PROFESORADO NO USO DO GALEGO COMO LINGUA VEHICULAR DO ENSINO.

Destinatarios: toda a comunidade educativa.

- **ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO AOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

Esta actividade ten como finalidade potenciar o uso correcto da lingua galega o ENDL:

- *Achegar axudas lingüísticas aos seminarios, á biblioteca e profesores, en particular, que se amosen sensibles á utilización do galego, co fin de facilitarlles o seu labor.*
- *Proporcionar asesoramento lingüístico necesario para todas aquelas actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan no centro*